
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/53-1
Entidade	CONFRARÍA DE MUGARDOS	
Plan explotación⁽¹⁾	MOLUSCOS BIVALVOS	
Réxime⁽²⁾	AUTORIZACIÓN	
Modalidade⁽³⁾	A PÉ	

Especies	Ameixa babosa (<i>Venerupis pullastra</i>), ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>), ameixa xaponesa (<i>Ruditapes philippinarum</i>) e berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>).
Ámbito do plan	Autorizacións administrativas: Pta. Promontoiro-Rampa del Seijo; Pta. Redonda-Pta. Leiras; Pta. Leiras-Pta. Promontoiro; Pta. Segaña-Pta. Redonda.
Subzonas de explotación	Enseadas da Barca, O Baño, Nande e Santa Lucía

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
53		
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		SI (ver consideracións)
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
20		

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		100										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: a pé												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X			X	X	X	X	X	X	X
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾:												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	

Topes de captura ⁽⁶⁾			
Especies	A pé (Mariscadora/día)	Embarcación	Tripulante/ habilitación
Ameixa babosa	10 kg	-	-
Ameixa fina	3 kg	-	-
Berbercho	10 kg	-	-
Ameixa xaponesa	3 kg	-	-

Artes a empregar	Sacho
-------------------------	-------

Puntos de control	A Barca
Puntos de venda	Punto de Control de A Barca

Accións a realizar⁽⁷⁾	Épocas probables⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Rexeneración zonas improdutivas		X	X	X									
Zonas: Enseada da Barca													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Extracción semente para resembrar													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Sementeiras			X	X					X	X			
Zonas: Enseada da Barca													
Especies: Ameixa babosa ou ameixa fina													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Traslados													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Rareos													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Enseada da Barca													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Outros : Remoción mecanizada e manual	X	X	X	X	X					X	X	X	
Zonas : Enseada da Barca													

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes: Unha vez rematado o proceso de renovación de permex para o ano 2011 nesta Confraría, o número de mariscadores autorizados para traballar o vindeiro ano é de 53.

Ampliación: A ampliación solicitada de 40 novos mariscadores de a pé supón un incremento do esforzo extractivo superior ao 75%, polo que podería influír negativamente na organización do sector e na xestión dos bancos marisqueiros. Por isto, considérase necesario actuar con cautela á hora de cubrir as baixas producidas nos últimos anos, limitando a ampliación a un máximo de 20 mariscadores durante o ano 2011. Non obstante estas incorporacións non poderán ser efectivas namentres esta confraría participe no Plan de Acción para a dinamización do marisqueo na Ría de Ferrol.

Época de extracción: Dada a falla de coincidencia na época de extracción proposta no punto 5.1 do plan presentado e a plasmada na ficha resumo do mesmo, manterase como época probable de extracción a establecida no calendario do punto 5.1.1 do plan presentado -de xaneiro a abril e de xuño a decembro- por ser a época habitual de extracción dos últimos anos e a máis respectuosa co ciclo biolóxico dos recursos a explotar.

Xestión da explotación: En aplicación do punto anterior e de acordo coa explotación habitual destes bancos, co fin de que cada un deles dispoña dun período de descanso suficiente, considérase necesario modificar o sistema de rotación de bancos proposto neste plan, quedando fixado do seguinte xeito:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

- Enseada de A Barca.- traballarase nos meses de xaneiro a abril e de outubro a decembro.
- Enseada de O Baño, Santa Lucía e Nande.- traballarase nos meses de xullo a setembro.

Cotas máximas de captura: Recoméndase limitar o esforzo extractivo proposto para ameixa babosa durante o outono, a fin de interferir o menos posible no segundo período reprodutor desta especie.

Artes: A gancha a pé non é unha arte autorizada no Decreto 424/1993, polo que para o seu uso requírese da aprobación dun plan experimental.

No caso de se aprobar o plan experimental para esta zona, os días de extracción computarán para a renovación dos permisos de explotación a pé do mesmo xeito que os autorizados para a extracción coas artes habituais de marisqueo a pé.

Puntos de control e venda: Defínese a organización do punto de control, no que se peneira o marisco e se controlan os cupos. As responsables do punto de control son a patroa maior da confraría e a presidenta da agrupación de mariscadoras a pé.

Dada a extensión das autorizacións desta confraría, non se considera suficiente a proposta dun único punto de control, polo que, no momento en que estea rematada a construción da nova lonxa, e debidamente autorizada, incorporárase como punto de control e venda a este plan.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

Accións de semicultivo, rexeneración e vixilancia: A participación nos traballos previstos neste plan é obrigatoria para a totalidade dos mariscadores de a pé. Non obstante, mentres estea en vigor o Plan de Acción para a dinamización do marisqueo na Ría de Ferrol, só as vixilancias computarán como días de actividade a efectos de renovación do permex.

Toda actividade a desenvolver nestes bancos estará suxeita ao que estableza o Plan de acción para a dinamización do marisqueo na Ría de Ferrol e a Orde pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o ano 2011.